



O SERGAS ten secuestrado o traballo de 250 profesionais, as verdadeiras expertas e expertos da Atención Primaria.

CIG-SAÚDE esixe que, de inmediato, o SERGAS envíe a todas as organizacións que integran o Consello Técnico de Atención Primaria as conclusións dos grupos de traballo, compostos por 250 profesionais da atención primaria, que levan traballando en distintas comisións desde o ano 2019.

Tras a convocatoria de folga do 8 de abril de 2019, creouse o Consello Técnico de Atención Primaria, deste consello naceron 15 comisións de traballo, nas que de forma altruísta, e motivados pola defensa da Atención Primaria Galega, 250 profesionais da sanidade pública traballan en distintas comisións, de análise e propostas de mellora, para conseguir un Plan de Atención Primaria que dea respostas ás necesidades asistenciais e laborais. E dicir, para que desde a atención primaria se dea unha resposta asistencial axeitada as necesidade da poboación e baseada na evidencia científica.

A derradeira reunión do Consello Técnico de Atención primaria, celebrouse o día 12 de decembro de 2019, e desde aquela data non volvemos a recibir ningunha documentación das comisións de traballo.

É lamentable que o SERGAS se apresurase a publicar as conclusións do grupo de traballo dos 11 expertos que eles contrataron, mentres ten secuestrado o traballo das comisións de expertos da Atención Primaria Galega.

CIG-SAÚDE esixe do SERGAS que publique de inmediato as conclusións dos grupos de traballo de: **matronas; fisioterapeutas; enfermaría; medicxs de familia; coordinación entre niveis de atención primaria e hospital; farmacéuticxs; promoción, prevención e intervención comunitaria e análises demográfico...** e que se convoque unha reunión do Consello Técnico de Atención Primaria para **analizar as proposta e por prazos de execución das mesmas.**

Se o SERGAS intenta silenciar a voz das/os profesionais, non publicando as conclusións destas/es expertos, o que está a por de manifesto é que **nunca tivo interese en facer un Plan de Atención Primaria en consenso cos profesionais.**

Desde a **CIG-SAÚDE** queremos lembrarlle ao SERGAS que o que está disolto é o Parlamento, a **Administración ten que seguir funcionando e non pode estar ao servizo dos interese políticos do partido do goberno.**

**A SANIDADE GALEGA, A ATENCIÓN PRIMARIA E A POBOACIÓN NON
PODEN SEGUIR A SOPORTAR A NEGLIXENCIA DO SERGAS.**